

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL PARA A SELECIÓN DUNHA PRAZA DE ANIMADOR/A DEPORTIVO/A, PERSOAL LABORAL FIXO. ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL (DA 6^a E 8^a DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO). GRUPO B.

Sendo as 09:10 horas do dia 22 de marzo do 2023, reúnense as persoas que de seguido se relacionan para a constitución do tribunal de selección da praza de animador/a deportivo/a, persoal laboral fixo, grupo B.

- Presidencia
 - Titular: Elisa Capelo Landeira (técnica deportiva do Concello de Santa Comba)
- Vogal
 - Titular: Javier Bouza Criado (técnico de Deporte da Deputación Provincial de A Coruña)
 - Titular: Mónica Mella Rosende (traballadora social do Concello de Teo)
 - Titular: Silvia Casas Portela (alfabetizadora dixital do Concello de Teo)
- Secretaría
 - Titular: M^a Elena Sueiro Fernández (secretaria adxunta do Concello de Teo)

De acordo coa base oitava, das que rexen a convocatoria (BOP da provincia de A Coruña nº 230 de data 05 de decembro de 2022):

O tribunal procederá á baremación da fase de concurso, que fará pública mediante anuncio no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, coa indicación da puntuación por cada aspirante.

Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación perante o propio tribunal no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da devandita baremación.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, no seu caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á publicación no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello a baremación definitiva da fase de concurso.

Dáse conta do contido da base novena, das que rexen a convocatoria, referida ao procedemento de selección e cualificación. Segundo a citada base o procedemento de selección será o de concurso de valoración de méritos.

O tribunal cualificara os méritos da forma que se indica a continuación:

1. Experiencia profesional. Valorarase con arranxo aos criterios establecidos a continuación, e ata o máximo de **70 puntos**:

- Por servizos prestados na administración local realizando funcións/tarefas relacionadas co desempeno da praza que se convoca (xa sexa coa condición de persoal funcionario ou laboral): 0,49 puntos por cada mes completo de servizos.

- Por servizos prestados nunha administración distinta a local realizando funcións/tarefas relacionadas co desempeno da praza que se convoca (xa sexa coa condición de persoal funcionario ou laboral): 0,16 puntos por cada mes completo de servizos.

- Por servizos prestados nos organismos públicos e demais entidades de dereito público con personalidade xurídica propia, vinculada ou dependente de calquera das Administracións Públicas e Universidades Públicas, realizando funcións/tarefas relacionadas co desempeno da praza que se convoca (xa sexa coa condición de persoal funcionario ou laboral): 0,06 puntos por cada mes completo de servizos.

Non se terán en conta os períodos inferiores ao mes.

2. Formación específica/complementaria, ata o máximo de **30 puntos**:

Cursos de formación: valoraranse os cursos conforme a seguinte escala, tendo en conta o grupo de clasificación da praza a que se opte:

- a) Grupo A1 ou categoría laboral equivalente: 0,10 puntos por hora
- b) **Grupo A2 ou categoría laboral equivalente: 0,125 puntos por hora**
- c) Grupo B ou categoría laboral equivalente: 0,20 puntos por hora
- d) Grupo C1 ou categoría laboral equivalente: 0,30 puntos por hora
- e) Grupo C2 ou categoría laboral equivalente: 0,50 puntos por hora
- f) Grupo AP ou categoría laboral equivalente: 1,00 puntos por hora

O Tribunal poderá requerir as persoas aspirantes en calquera momento do proceso selectivo, que acrediten a veracidade das circunstancias e documentos achegados e que fosen obxecto de valoración.

No caso de que o órgano de selección comprobe que algunha das persoas aspirantes realizou calquera tipo de actuación fraudulenta ou incorrido en falsidade manifesta na súa solicitude, que xere competencia desleal de acordo con os principios de igualdade, mérito e capacidade, previa audiencia a persoa interesada, deberá emitir proposta motivada de exclusión do proceso selectivo, dirixida ao órgano que aprobase a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas, comunicando as falsidades ou actuacións fraudulentas formuladas pola persoa aspirante. Contra a Resolución do devandito órgano poderán

interpoñerse os recursos administrativos que procedan. A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de concurso.

No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou mais aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

- en primeiro lugar atenderase a puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- de seguir aquel, a persoa que ocupase mais tempo a praza obxecto do presente proceso selectivo nos últimos 12 anos
- no ultimo lugar, atenderase a primeira letra do primeiro apellido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego publico correspondente ao ano no que se celebre o proceso selectivo, segundo o sorteio celebrado ao abeiro do previsto no Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Nos apelidos compostos coa preposición de, da, do, de la, d'..., a mesma non será tida en conta (por exemplo: Marta de Castro. A letra a ter en conta será o "C"). De persistir o empate, atenderase a segunda letra do primeiro apellido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer o empate; continuando polo segundo apellido e finalmente polo nome.

De acordo co exposto e segundo o previsto nas bases novena e décima das que rexen a convocatoria, e vistos os méritos presentados polos aspirantes, o tribunal **acorda**:

Primeiro: Valorar os méritos na fase de concurso das persoas aspirantes outorgando as seguintes puntuacións:

DATOS			PUNTUACIÓN		
APELIDOS	NOME	DNI / NIE	Experiencia profesional(1)	Formación específica	Total
BOULLÓN RODRÍGUEZ	CHUS	***7567**	70	30	100
RODRÍGUEZ MUNÍN	DANIEL	***6215**	0	30	30

- (1) En cumprimento do apartado un da base novena, para a valoración da experiencia laboral, soamente se tiveron en conta os meses completos traballados por cada contrato formalizado.

Segundo: Á vista das puntuacións obtidas no proceso selectivo e atendendo ao estipulado no apartado 2 da base novena na que se indican os criterios a seguir no suposto de empate, procédese á ordenación das persoas aspirantes por orde descendente de puntuación segundo se reflicte na seguinte táboa:

DATOS				PUNTUACIÓN		
Nº	APELIDOS	NOMBRE	DNI / NIE	Experiencia profesional(1)	Formación específica	Total
1	BOULLÓN RODRÍGUEZ	CHUS	***7567**	70	30	100
2	RODRÍGUEZ MUNÍN	DANIEL	***6215**	0	30	30

Terceiro: Dar por rematado o proceso selectivo mediante a publicación da puntuación final total das persoas aspirantes do proceso selectivo, por orde de puntuación, na páxina web municipal (www.teo.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello. Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación perante o propio tribunal no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita baremación.

Cuarto: De acordo co previsto na base décima, elevar á Alcaldía a referida relación de aspirantes para proceder ao nomeamento como animadora deportiva, persoal laboral fixo, grupo B, a D.^a Chus Rodríguez Boullón, con DNI ***7567* por ser a persoa aspirante que acadou a maior puntuación no proceso selectivo.

Quinto: Propoñer á Alcaldía a creación dunha bolsa de traballo para a praza convocada coas persoas aspirantes finalmente non seleccionadas, ordenadas por orde descendente de puntuación:




DATOS				PUNTUACIÓN		
Nº	APELIDOS	NOMBRE	DNI / NIE	Experiencia profesional(1)	Formación específica	Total
1	RODRÍGUEZ MUNÍN	DANIEL	***6215**	0	30	30

Sendo as 09:30 horas do día indicado, dáse por rematado o acto, estendéndose a presente acta, que asinan todos os membros do tribunal, do que dou fe.



CONCELLO
DE TEO
Alcaldía

CONCELLO DE TEO

Presidente	Vogal
 Elisa Capelo Landeira	 Javier Bouza Criado
Vogal	Vogal
 Mónica Mella Rosende	 Silvia Casas Portela
Secretario	
 Mª Elena Sueiro Fernández	

